

nestas páxinas atende tanto ao protagonista como a todas aquelas circunstancias que o rodearon, a el a unha xeración, e que explican o devir histórico do país: a ideoloxía antifranquista —compartida co propio Căccamo—, autogoberno e a liberdade, nas manifestacións a prol da autonomía, o rexurdir cultural exemplificado nas exposicións de Atlántica, a aposta persoal por un xeito de vida bohemio..., de todo isto e máis trata o libro.

Como advirte o autor, estamos ante o froito de máis de trinta anos de amizade; un dato significativo que lle outorga un plus ao ensaio que, articulado en seis breves e intensos capítulos e un apéndice fotográfico de sumo interese, se nos presenta de forma clara e ordenada desde unha notoria proximidade, describindo a figura do "artista amigo" sen descoidar todo tipo de detalles e anécdotas íntimas, enriquecidas por unha narrativa esforzada en contextualizar e abordar cada momento, ben sexa social, cultural ou político. Deste xeito, o aparentemente frívolo tórnase en fundamental para comprender, en toda a súa dimensión, o home artista, apelando ás súas experiencias vitais —viaxeiro, comprometido politicamente, afeccionado á música, activista cultural etc.— co obxectivo de explicar de modo eficaz a evolución da súa actividade pictórica.

Căccamo dá conta do xeito de traballar, de pensar e de actuar do biografado, mentres vai presentando a complexidade dunha reflexión transversal sobre a deriva cultural que está a acontecer en Galicia, ofrecendo unha radiografía do sistema artístico dos últimos cincuenta anos. Unha análise preocupada, marcada pola necesidade de elaborar un relato entre outros posibles; proveniente das fontes máis próximas e querendo ser fiel á memoria dun mesmo e á allea, definido como un "xogo de intratextualidade, diálogo entre páxinas que apreixan instantáneas vividas da historia persoal de Hueite en proxección de vontade colectiva".

Un libro levado a cabo desde a perspectiva dun "escritor amigo" que


vén completar a produción ensaística que sobre Hueite existe noutros formatos: catálogos, críticas, vídeos..., converténdose nunha interesante achega, apelando aos sentidos da memoria e permitindo aproximarnos aos rexistros máis ou menos coñecidos da súa figura; prestando atención ás bromas da arte que se esforzan en cuestionar as certezas da vida. Un traballo que fala sobre a actitude vital como motor de calquera transformación social, cultural e política, para ampliar o debate sobre a actualidade da cultura en Galicia e valorar as posibilidades coas que sempre se pode traballar, e onde nunca debera faltar o humor ■ Chus Martínez Domínguez

Para renovar a discusión da lingua en Galicia

SACAR A LINGUA É DE MALA EDUCACIÓN. OPORTUNIDADES DO MULTILINGÜISMO NA INFANCIA E NA IDADE ADULTA. MANUEL NÚÑEZ SENGALA. Galicia | 2017 | 84 páxinas

Hai tempo que desexaba un libro así. Un libro para falar da lingua (mellor, das linguas) sen vitimismo. Un libro breve, claro e transparente e, para máis, cheo de debuxos e de exemplos, que demostra que a capacidade infantil de aprender idiomas é espectacular. Medio mundo coñeceu en YouTube unha nena rusa de catro anos, Bella Deviatkina, que demostrou nun concurso televisivo que fala sete linguas: todas aprendidas sen estar sentada nun pupitre: paseando, debuxando, xogando con nenos que falan chinés, árabe ou español, e indo a un curso de teatro en inglés, a outro de arte en francés e a patinaxe cunha adestradora alemá. Inmersión (sen gramática visible) é o sistema.

Este libro rompe o noso dilema de educar en galego ou castelán: a alternativa é galego e castelán e tódalas que teñamos oportunidade de oír falar. E canto antes mellor, porque



a capacidade cerebral humana, sobre todo a dos máis pequenos, parece infinita. A clave, ademais de facelo canto antes, é facelo xogando e facelo con nativos. A elas engade Fernando de Castro (un vigués que fala dezaseis linguas) a motivación: para el a ilusión de viaxar e empaparse dun país foi e segue sendo unha motivación intensa.

Se na política hai diferentes alternativas para organiza-lo mundo, as linguas xa son milleiros de formas de analiza-la realidade que temos diante dos ollos: o libro ofrece exemplos sorprendentes e todos lóxicos. Por iso é unha parvada prescindir de linguas: cantas máis, mellor. Non se trata, polo tanto, de escoller, senón de sumar linguas.

Sacar a lingua é de mala educación é unha metáfora de que prescindir dunha lingua (a que sexa) é sempre un mal negocio e, tamén, un mal sistema educativo. Galicia é unha comunidade bilingüe e iso, en vez de ser un problema, é unha oportunidade: o galego, por exemplo, facilita a aprendizaxe doutras linguas precisamente porque ten trazos fonéticos que non ten o castelán.

A amenidade e brevidade fai que este libro se lea e relea con gusto, porque ademais primeiro pon o exemplo e despois induce a teoría, ao revés da maior parte dos libros. Un asómbrase de detalles en que nunca reparara sobre a estrutura cranial e cerebral humana, sobre os misteriosos mecanismos do parto, sobre a

sobreabundancia de neuronas, sobre a diferente maneira de mirar a realidade que contén cada lingua; algo parecido á divertida anécdota daquel alumno, Niels Bohr (que acabaría sendo Nobel de Física), sobre a cantidade de sistemas para medi-la altura dun edificio.

¿Como xestionar a pluralidade de linguas no ensino? A inmersión é

sempre o método máis eficaz e o libro tamén fala dos diferentes sistemas de inmersión de que dispoñen os pais e as nais de Galicia. A idade ideal é a infancia, pero nunca é tarde, porque o cerebro humano é algo tan potente que case parece sobrenatural.

Este é un libro que se le e relé con gusto porque está cheo de exem-

plos e porque os exemplos van por diante e sosteñen a doutrina. Este libro chega para renovar de raíz toda a discusión da lingua en Galicia e no mundo, porque a maior parte das linguas do mundo sofren situacións moito peores. Óitenta páxinas cargadas de luz, de ventilación, de humanidade, de modernidade. ¡Xa era hora! ■ Xesús Ferro Ruibal

Joshua Reynolds. Moro lendo, ca. 1917

